



Departamento de Tecla

Programación de Piano Complementario

Curso 2022-2023

CMUS PROFESIONAL DO CARBALLIÑO

Praza Maior, 1, 32500 - O Carballiño (Ourense)

Tlfn.: 988 53 00 07 / Fax: 988 53 00 08

cmus.profesional.carballino@edu.xunta.gal

Índice

1.	Introdución	4
2.	Obxectivos xerais	5
3.	Contidos xerais	5
4.	Metodoloxía	6
5.	Atención á diversidade.....	9
6.	Temas transversais.....	13
6.1.	Educación en valores	13
6.2.	Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs).....	13
7.	Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	14
8.	Secuenciación do curso	14
8.1.	Curso: 3º Curso GP	15
8.1.1.	Obxectivos	15
8.1.2.	Contidos.....	16
8.1.3.	Avaliación	16
8.2.	Curso: 4º CURSO GP	17
8.2.1.	Obxectivos:	17
8.2.2.	Contidos:.....	18
8.2.3.	Avaliación:	18
8.3.	Curso: 5º CURSO GP	19
8.3.1.	Obxectivos:	19
8.3.2.	Contidos:.....	20
8.3.3.	Avaliación:	21
8.4.	Curso: 6º CURSO GP	22
8.4.1.	Obxectivos:	22
8.4.2.	Contidos:.....	23
8.4.3.	Avaliación:	23
8.5.	Procedementos e ferramentas de avaliación	24
8.6.	Criterios de cualificación:.....	25
8.7.	Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.....	25
8.8.	Medidas de recuperación	26
8.8.1.	Procedementos de recuperación ordinarios.....	26
8.8.2.	Probas extraordinarias	26
8.9.	Recursos didácticos	26



9.	Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica	27
10.	Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	27
11.	ANEXOS.....	28
11.1.	Probas de acceso 4º de grao profesional	28
	Contidos.....	28
	Criterios de avaliación e cualificación.....	28
11.2.	Probas de acceso 5º Curso de grao profesional	29
	Contidos:.....	29
	Criterios de Cualificación:.....	29
11.3.	Probas de acceso 6º Curso de grao profesional	30
	Contidos:.....	30
	Criterios de Cualificación:.....	31
11.4.	Adaptación extraordinaria da programación á nova situación COVID19.....	32

1. Introducción

A aplicación que o coñecemento do piano ten, mesmo na formación musical como no desempeño das distintas opcións profesionais, é tan ampla que a súa incorporación aos novos plans de estudio xustifícase plenamente como unha disciplina obrigatoria dentro do grao profesional.

De existir unha necesidade común a todos os músicos, calquera que sexa a súa proxección profesional, esta é a dunha comprensión, o máis profunda posible, dos mecanismos do pensamento musical nas diferentes épocas. Dado que na nosa cultura as ideas dos compositores inclináronse nos últimos séculos cara unha escritura polifónica, é lóxico que sexa, a través do instrumento polifónico máis habitual, a forma de acceder á comprensión e á interiorización auditiva (mesmamente outra forma de comprensión) dos procedementos harmónicos e contrapuntísticos.

A esta función, quizais a de maior importancia que cumpre o piano, engádense outras dunha aplicación máis próxima a certas áreas profesionais. Deste xeito, ábrese a posibilidade de que o profesorado poda acompañar ao piano ao seu alumnado, enriquecendo o desenvolvemento da actividade formativa e docente de forma significativa. Mesmamente, os músicos que non teñan o piano como primeiro instrumento, estarán capacitados para impartir materias como a linguaxe musical, harmonía, análise e outras materias teórico - prácticas, asumidas estas tradicionalmente polo profesorado da materia de piano, loxicamente por ser este instrumento unha ferramenta de traballo fundamental.

Se a inquiredanza do alumnado diríxese cara os campos da dirección ou da composición, as esixencias, desde o punto de vista da capacidade de análise e desenrolo do oído interno, acadarían uns niveis extraordinariamente altos. Para os dous obxectivos, o piano é un instrumento idóneo, pois nel pódense constatar de inmediato todos os conceptos relacionados coa comprensión dunha partitura e convertelos en realidade sonora, o que é o mellor xeito de formar un oído interno seguro.

Ademais destas consideracións sobre o futuro profesional do alumnado de piano complementario, é necesario reflexionar sobre a ubicación desta materia dentro dun programa de estudos global. O programa de Piano Complementario deberá

levarse a cabo de xeito que o alumnado poda utilizar proveitosamente o piano nas materias que cursarán simultánea e posteriormente: harmonía, análise e fundamentos de composición.

2. Obxectivos xerais

- a) Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- b) Adquirir un grao de destreza na execución que permita desenvolverse coa maior soltura posible no teclado, enfrontándose a dificultades dun certo nivel.
- c) Alcanzar progresivamente rapidez de reflexos na lectura a primeira vista.
- d) Ler con fluidez partituras polifónicas, con plena comprensión das súas formulacións harmónicas así como dos seus aspectos lineais ou contrapuntísticos.

3. Contidos xerais

- a) Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, ligada a un principio de utilización consciente do peso do brazo.
- b) Planificación do traballo da técnica tendo en conta a unidade profunda dos factores que a determinan.
- c) Desenvolvemento da técnica dixital (independencia, velocidade, forza e resistencia nos movementos de articulación dos dedos e desenvolvemento da técnica braquial, caída e lanzamentos de antebrazo e brazo, movementos laterais, etc.).
- d) Principios de dixitación pianística.
- e) Práctica dos diversos modos de pulsación ou ataque posibles, en función sempre da dinámica, o fraseo e o sentido musical xeral do fragmento do que se trate.
- f) Desenvolvemento dunha técnica polifónica básica.
- g) Coñecemento dos pedais e as súas funcións.

- h) Práctica intensiva da lectura a primeira vista.
- i) Lectura harmónica (lectura de acordes, series de acordes enlazados, acordes despregados en toda a súa variedade de presentacións posibles, tales como fórmulas do tipo “baixo de Alberti”, acordes partidos, despregados de diversas maneiras, arpexados, etc.). e lectura contrapuntística, estritamente lineal, a dous e incluso a tres voces.
- j) Estudos ou obras do repertorio pianístico de dificultade progresiva, presentando especial atención a todo aquel material de traballo que contribúa de maneira especial á capacidade de aprender a realizar de forma inmediata no teclado a escritura polifónica, posto que niso reside a utilidade esencial da disciplina.

4. Metodoloxía

Dado o carácter individualizado da ensinanza, o profesorado desenvolverá a súa estratexia de aula, e seleccionará e secuenciará o material e os recursos didácticos que estime convenientes atendendo ás necesidades específicas do alumnado.

Para orientar ao profesorado na consecución do anteriormente dito lístase o seguinte repertorio orientativo para cada un dos cursos do grao profesional nos que se imparte a materia:

3º CURSO GP

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Listado de pezas a considerar como exercicios:
 - Piano (iniciación e preparatorio) Tchokow- Gemiu.
 - Cadernos de Adriana (ate o nº 9 incluído).
 - Piano Básico de Bastien, nivel 1.
 - D. Kabalevsky op. 39 (ate o nº 12 incluído).
 - Estudos infantís e os cinco dedos. C. Czerny.

- F. Beyer op. 101.
- Listado de pezas orientativo:
 - Meu primeiro libro de piano. Henry Lemoine.
 - Os principios do piano. C. Czerny.
 - 100 recreacións fáciles. C. Czerny.
 - Microkosmos, vol. 1. B. Bartók.
 - Basic Jazz, nº 1. Manel Camp.
 - Álbum da mocidade. R. Schumann.
 - Método de piano, vol. I. Perfecto García Chornet.
 - Nikolaiev: libro 1º “a” e 2º “b”.

4º CURSO GP

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Listado de pezas a considerar como exercicios:
 - Piano (iniciación e preparatorio) Tchokow- Gemiu.
 - Cadernos de Adriana (a partir do nº 9).
 - Piano Básico de Bastien, nivel 1.
 - Kabalevsky op. 39 (a partir nº 12).
 - Estudios infantís e os cinco dedos. C. Czerny.
 - F. Beyer op. 101.
- Listado de pezas e métodos orientativo:
 - piano (primeiro). Tchokow-Gemiu
 - Álbum de Ana Magdalena Bach.
 - Estudios op. 100. F. Burgmüller.
 - De Bach a Stravinsky.
 - Método de piano, vol. II. Perfecto García Chornet.

- Microkosmos, vol. II. B. Bartók.
- Basic Jazz, nº 1. Manel Camp.
- Álbum da mocidade. R. Schumann.
- Nikolaiev: libro 1º “a” e 2º “b”.

5º CURSO GP

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Listado de pezas e métodos orientativo:

- F. Burgmüller op. 100
- H. Bertini op. 100.
- C. Czerny op. 299.
- Álbum de A. M. Bach ou “Pequenos Preludios” de J. S. Bach.
- Sonatinas (movemento) de A. Diabelli, M. Clementi, L. V. Beethoven...
- Pezas para nenos: D. Kabalewsky, S. Prokofiev, A. Kachaturian.
- Álbum de mocidade: R. Schumann, P. I. Tchaikowsky.
- Método de E. Molina vol. I.

6º CURSO GP

REPERTORIO ORIENTATIVO

- Listado de pezas e métodos orientativo:

- F. Burgmüller op. 100
- H. Bertini op. 100.
- C. Czerny op. 299, op. 636.
- J. Heller, op. 47
- Álbum de A. M. Bach ou “Pequenos Preludios” de J. S. Bach.
- Sonatinas de A. Diabelli, M. Clementi, L. V. Beethoven, W. A. Mozart, J.

Haydn...

- Pezas para nenos: D. Kabalewsky, S. Prokofiev, A. Kachaturian.
- Álbum de mocidade: R. Schumann, P. I. Tchaikowsky.
- Escenas de nenos de R. Schumann.
- Método de E. Molina vol. II.

5. Atención á diversidade

A problemática das necesidades educativas especiais ou específicas é un ámbito difícil de abordar no ensino musical. Debido ao carácter voluntario deste tipo de especialidades e ao seu carácter orientado de cara a unha saída profesional, a atención ao alumnado con necesidades especiais ou dificultades de aprendizaxe queda un tanto condicionada. É importante aclarar que segundo a lexislación educativa, o alumnado é diferente e precisa dunha atención individualizada, e por iso non podemos pretender que todos aprendan do mesmo xeito, polo que é necesario facer uso dunha diversificación metodolóxica.

Non obstante, realizando unha aproximación concreta ao concepto, atopamos alumnado que require unha atención específica ou especializada para lograr os mesmos obxectivos que os demais. Trátase de aquel alumnado que por diferentes razóns, temporalmente ou de maneira permanente, non están en condicións de acadar unha autonomía persoal e unha integración social cos medios dos que dispomos habitualmente e que requiren determinados apoios e atencións educativas específicas, derivadas dunha discapacidade ou de trastornos graves de conduta.

PRINCIPIOS RELACIONADOS CO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

As administracións educativas disporán os medios necesarios para que todo alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional, así como os obxectivos establecidos.

Correspóndelles ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que o alumnado que requira unha atención educativa diferente á

ordinaria, por presentaren necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, polas súas altas capacidades intelectuais, por térense incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

As administracións educativas establecerán os procedementos e recursos precisos para identificar de forma temperá as necesidades educativas específicas do alumnado a que se refire o punto anterior. A atención integral ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo iniciárase desde o mesmo momento en que esa necesidade sexa identificada e rexerese polos principios de normalización e inclusión.

Correspóndelles ás administracións educativas garantir a escolarización, regular e asegurar a participación dos pais ou titores nas decisións que afecten a escolarización e os procesos educativos deste alumnado.

CLASIFICACIÓN DAS NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS, ATENDENDO ÁS CAUSAS DA NECESIDADE E NA SÚA LOCALIZACIÓN

- a) Dificultades de aprendizaxe (dislexias, dislalias).
- b) Dificultades de adaptación social (debidos a inmigración, diferenzas sociais, culturais ou a problemas económicos).
- c) Dificultades debidas a desordes da conduta (trastorno de déficit de atención, hiperactividade).
- d) Dificultades debidas a una deficiencia física (minusvalías físicas).
- e) Déficit ou superdotación intelectual.

En canto a nosa materia e a súa relación coas necesidades especiais, é evidente que na nosa labor docente diaria procuraremos adaptarnos ás condicións específicas do alumnado coa finalidade de dar unha resposta educativa máis adecuada ás súas necesidades. Por esta razón, a metodoloxía poderá adaptarse ás situacións concretas segundo o consideremos oportuno. Do mesmo xeito, sería

necesario retomar ou prolongar o traballo dalgún aspecto determinado: o profesorado terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ven desenvolver outras novas en función da necesaria adaptación do alumnado ao que van dirixidas.

Un elemento fundamental na determinación e na orientación das medidas de adaptación reside na “acción tutorial”, unha ferramenta fundamental de coñecemento do alumnado, coa que poderemos obter información determinante sobre a súa problemática, xa sexa a través dos pais ou dos compoñentes da comunidade educativa. A solución de moitos dos problemas musicais deben ser abordados en colaboración co profesorado implicado na súa formación polo que é necesario manter unha comunicación constante. Deste xeito, tamén obteranse datos relevantes que permitirán reorientar a actividade formativa e adoptar as adaptacións que sexan necesarias.

ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS

A Programación Didáctica recollerá as adaptacións curriculares para atender as necesidades do alumnado con necesidades específicas especialmente nesta situación de alerta sanitaria que estamos a atravesar por mor do Covid19. Estas medidas adaptaranse con posterioridade ao inicio do curso. Mesmamente pódese establecer unha tipoloxía xenérica deste alumnado, atendendo aos seguintes criterios específicos:

a) *Segundo a súa diferenza de nivel musical:*

Alumnado de altas capacidades, capaz de atopar solucións por si mesmo, de progresar técnica e musicalmente con velocidade, emprendendo tarefas máis difíciles do común para a súa idade sen facer un gran esforzo. Requirirá flexibilizar a duración das etapas da súa formación, recibindo unha atención diferenciada por parte das administracións educativas por medio de programas específicos.

Alumnado que asimila os contidos a un ritmo menor do previsto. Neste grupo podemos atopar alumnado con dificultades de aprendizaxe por diversas razóns: por motivos de madurez, problemas familiares, emocionais, de metodoloxía, por incorporación tardía ao sistema educativo, etc. Este alumnado con dificultades de

aprendizaxe é tachado de “menos intelixente”, cando a maioría das veces gozan dun nivel de intelixencia normal ou incluso superior. Nestes casos realizaranse programas específicos ou clases de reforzo, recorrendo á atención de profesionais especializados se é o caso.

Adaptarase o nivel de dificultade ás capacidades obxectivas do alumno: cambio de metodoloxía, axudas a programarlle o estudo na casa, propiciar unha maior iniciativa do alumno na clase.

As actividades de reforzo e recuperación durante o presente curso, serán establecidas para contribuír a solucionar as carencias nas aprendizaxes que por mor das clases impartidas en modo non presencial puidéronse ver afectadas.

Para paliar esta problemática o departamento procederá a utilizar diferentes protocolos metodolóxicos, así coma o uso das aulas virtuais dos membros do departamento, nas modalidades semipresencial ou non presencial. Consecuentemente, nesta modalidade telemática propoñeranse exercicios de reforzo e de recuperación para a adquisición dos contidos requiridos.

b) En función da súa actitude e interese fronte aos estudos musicais:

Alumnado motivado: presenta unha actitude positiva para o aprendizaxe, non precisando dunha motivación especial para conseguir un ritmo adecuado de traballo tanto de aula como individual. Este alumnado adoita rematar o Grao Elemental, superando con éxito o acceso ao Grao Profesional. A súa paixón pola música e polo instrumento sérvelles de abondo para manter vivo o seu interese e a súa capacidade de superación.

Alumnado con interese e actitude baixos: considera a súa asistencia á clase como unha actividade máis de tipo extraescolar. Neste caso o profesorado deberá esforzarse en cambiar a actitude do alumnado e da familia, e facer entender a importancia da educación musical na formación integral das persoas e que ao iniciar a aprendizaxe dun instrumento adquiren un certo compromiso que deben intentar cumprir. Na maioría das ocasións esta actitude débese a unha falta de información e descoñecemento por parte das familias, froitodunha pobre herdanza musical.

c) Segundo a súa necesidade de adaptación debido a limitacións físicas:

Alumnado que presenta particularidades ou disfuncións físicas: xordeira, visión

escasa ou nula, problemas de accesibilidade debido a algún tipo de minusvalía, etc. O profesorado terá un tacto especial e mostrará flexibilidade, adaptando os contidos e o material necesario, e requirirá a axuda e a información dos profesionais especializados, coa máxima coordinación co profesorado das materias do curso. É primordial que este alumnado non se sinta diferente ante os seus compañeiros, procurando que estes amosen sensibilidade e respecto.

6. Temas transversais

O conservatorio é un centro de ensinanza, e como tal, a súa función é formar e educar ao alumnado. Non debemos eludir responsabilidades, e nas clases de instrumento teñen que estar presentes os temas transversais coma: Educación Ambiental (no noso caso relacionaremos coa contaminación acústica), Educación para a saúde (o noso corpo é o noso instrumento principal), Educación para a igualdade de sexos (todas as actividades grupais terán que integrar e non illar)... así como os demais temas (Paz e Tolerancia, Morale Cívica, Ocio, Consumidor e Vial).

6.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos de educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, na aula procurarase que o alumnado adquira os coñecementos e as habilidades necesarias para valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

6.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TICs)

O profesorado animará ao alumnado a utilizar internet coma unha ferramenta de valor eficaz para adquirir información e material necesario para a súa formación como músico, sempre empregando os recursos en liña para a obtención de materiais de xeito legal. A internet ofrece numerosas posibilidades das que cabe

destacar:

- Consulta do catálogo das numerosas referencias que se atopan na biblioteca do centro, tanto bibliografía coma gravacións en formato CD ou DVD.
- Reprodución de vídeos en plataformas coma Youtube.
- Descarga de partituras.
- Acceso a tendas especializadas.
- Acceso a programacións de concertos, orquestras, festivais, etc...
- Mercar entradas para concertos.
- Consultar revistas especializadas.

7. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

O alumnado de Piano Complementario poderá participar nas actividades culturais e de promoción organizadas polos departamentos aos que está adscrita a materia. Estas actividades poderán ser, de entre outras, as seguintes:

- Audicións dos departamentos.
- Intercambios con outros centros.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos.
- Colaboración e participación nas actividades culturais e de promoción programadas polo centro, das que cabe destacar as seguintes:
 - o Concerto Santa Icíá
 - o Participación no concerto de presentación de instrumentos.
 - o Acto de graduación.

8. Secuenciación do curso

Os obxectivos e contidos dos diferentes cursos terán unha secuencia de carácter trimestral. Tendo en conta o carácter individualizado das clases, o

profesorado fará dita secuencia en función das necesidades e progresos do seu alumnado.

A ensinanza dun instrumento é individual, e polo tanto, diversa. Dentro deste marco, o profesorado da materia realizará o programa do seu alumnado, e segundo a súa evolución, restablecerá e reforzará os contidos, tendo en conta os mínimos esixidos para cada curso e o repertorio orientativo que figura nesta programación.

8.1. Curso: 3º Curso GP

8.1.1. Obxectivos

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de dificultade adecuada ó nivel con corrección e liberdade.
- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ó instrumento que favoreza acción do conxunto brazo, antebrazo e man sobre o teclado.
- Coñecer o teclado así como os pedais e o seu funcionamento.
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Canalizar os principios técnicos adquiridos na aprendizaxe do instrumento principal, facendo uso dos que podan ser aplicables na técnica pianística básica.
- Utilizar o piano como medio para o desenvolvemento de capacidade auditiva, particularmente no referente ao oído harmónico - polifónico.
- Utilizar o piano como ferramenta de utilidade na análise, idónea para a comprensión de estruturas harmónicas - contrapuntísticas.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Executar obras a 4 mans de dificultade adecuada ao nivel.
- Procurar ao alumnado un sistema de aprendizaxe que lle permita ser consciente en todo momento do traballo realizado.

8.1.2. Contidos

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dicitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ó nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ó nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como exercicios de improvisacións melódico-rítmicos que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúen á exploración das capacidades creativas e comunicativas do alumnado.
- Participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

8.1.3. Avaliación

Realizarase unha avaliación inicial o diagnóstica ao comezo do curso, co fin de detectar o nivel de coñecementos, habilidades e destrezas que teñen os alumnos a título individual. A información obtida permitiranos adaptar os obxectivos, contidos e as actividades á realidade do alumnado, avanzando así cara a unha maior e máis adecuada consecución, por parte deste, dos obxectivos suscitados.

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación baseados en estruturas sinxelas. (pódense utilizar pezas xa estudadas, variando a melodía libremente e conservando o seu senso harmónico.)
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto no repertorio como no contexto da improvisación.
- Interpretar obras a 4 mans de dificultade adecuada o nivel.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

Mínimos esixibles:

Para obter unha cualificación positiva no curso establécense os seguintes requisitos mínimos:

- Interpretar durante o curso 15 pezas como mínimo, correspondendo a 5 por trimestre, 10 corresponderán a exercicios e o resto a obras sinxelas de dificultade adecuada ao nivel.

8.2. Curso: 4º CURSO GP

8.2.1. Obxectivos:

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de dificultade adecuada ao nivel con corrección e liberdade.
- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación co instrumento que favoreza acción do conxunto brazo, antebrazo, man sobre o teclado.
- Coñecer o teclado así como os pedais e o seu funcionamento.
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Canalizar os principios técnicos adquiridos na aprendizaxe do instrumento principal, facendo uso dos que podan ser aplicables na técnica pianística básica.
- Utilizar o piano como medio para o desenrolo de capacidade auditiva,

particularmente no referente ao oído harmónico - polifónico.

- Utilizar o piano como ferramenta de utilidade na análise, idónea para a comprensión de estruturas harmónico - contrapuntísticas.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Executar obras a 4 mans de dificultade adecuada ao nivel.
- Procurar ao alumnado un sistema de aprendizaxe que lle permita ser consciente entodo momento do traballo realizado.

8.2.2. Contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dixitación pianística.
- Execución de obras de dificultade adecuada ao nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como exercicios de improvisacións melódico-rítmicos que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúan á exploración das capacidades creativas e comunicativas do alumnado.
- Participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

8.2.3. Avaliación:

Realizarase unha avaliación inicial o diagnóstica ao comezo do curso, co fin

de detectaro nivel de coñecementos, habilidades e destrezas que teñen os alumnos a título individual. A información obtida permitiranos adaptar os obxectivos, contidos e as actividades á realidade do alumnado, avanzando así cara a unha maior e máis adecuada consecución, por parte deste, dos obxectivos suscitados.

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación baseados en estruturas sinxelas. (pódense utilizar pezas xa estudadas, variando a melodía libremente e conservando o seu senso harmónico.)
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto no repertorio como no contexto da improvisación.
- Interpretar obras a 4 mans de dificultade adecuada o nivel.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

Mínimos esixibles:

Para obter unha cualificación positiva no curso, establécense os seguintes requisitos mínimos:

- Interpretar e manter durante o curso 24 pezas como mínimo, correspondendo a 8 por trimestre; 15 corresponderán a exercicios e o resto a obras sinxelas de dificultade adecuada ao nivel.

8.3. Curso: 5º CURSO GP

8.3.1. Obxectivos:

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de

dificultade adecuada ao nivel con corrección e liberdade.

- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza acción do conxunto brazo, antebrazo, man sobre o teclado.
- Coñecer o teclado así como os pedais e o seu funcionamento.
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Canalizar os principios técnicos adquiridos na aprendizaxe do instrumento principal, facendo uso dos que podan ser aplicables na técnica pianística básica.
- Utilizar o piano como medio para o desenvolvemento de capacidade auditiva, particularmente no referente ao oído harmónico - polifónico.
- Utilizar o piano como ferramenta de utilidade na análise, idónea para a comprensión de estruturas harmónicas - contrapuntísticas.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Executar obras a 4 mans de dificultade adecuada ao nivel.
- Procurar ao alumnado un sistema de aprendizaxe que lle permita ser consciente en todo momento do traballo realizado.

8.3.2. Contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dicitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ao nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como

exercicios de improvisacións melódico-rítmicas que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúan á exploración das capacidades creativas e comunicativas do alumnado.

- Realización de exercicios con enlaces de acordes. Realizaranse coas súas respectivas resolucións harmónicas e nas diversas tonalidades ata un máximo de tres alteracións.
- Participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.
- Iniciación ao cifrado americano.

8.3.3. Avaliación:

Realizarase unha avaliación inicial o diagnóstica ao comezo do curso, co fin de detectar o nivel de coñecementos, habilidades e destrezas que teñen os alumnos a título individual. A información obtida permitiranos adaptar os obxectivos, contidos e as actividades á realidade do alumnado, avanzando así cara a unha maior e máis adecuada consecución, por parte deste, dos obxectivos suscitados.

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación cunha base harmónica sinxela, sendo conscientes das leis harmónicas e compositivas básicas: número de compases a utilizar, confirmación da tonalidade, etc.
- Realizar exercicios de enlaces de acordes.
- Realizar exercicios utilizando o cifrado americano.
- Interpretar obras a 4 mans de dificultade adecuada o nivel.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

Mínimos esixibles:

Para obter unha cualificación positiva no curso, establécense os seguintes requisitos mínimos:

- Interpretar e manter durante o curso 15 pezas como mínimo, correspondendo a 5 por trimestre; 9 corresponderán a estudos fáciles e o resto a obras sinxelas de dificultade adecuada ao nivel.

8.4. Curso: 6º CURSO GP

8.4.1. Obxectivos:

- Coñecer as distintas posibilidades do instrumento.
- Adquirir un grao de desenvolvemento técnico que permita interpretar obras de dificultade adecuada ao nivel con corrección e liberdade.
- Adoptar unha posición adecuada do corpo en relación ao instrumento que favoreza acción do conxunto brazo, antebrazo, man sobre o teclado.
- Coñecer o teclado así como os pedais e o seu funcionamento.
- Sentar as bases dunha utilización consciente do peso do brazo.
- Canalizar os principios técnicos adquiridos na aprendizaxe do instrumento principal, facendo uso dos que podan ser aplicables na técnica pianística básica.
- Utilizar o piano como medio para o desenvolvemento de capacidade auditiva, particularmente no referente ao oído harmónico - polifónico.
- Utilizar o piano como ferramenta de utilidade na análise, idónea para a comprensión de estruturas harmónicas - contrapuntísticas.
- Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista.
- Executar obras a 4 mans de dificultade adecuada ao nivel.
- Procurar ao alumnado un sistema de aprendizaxe que lle permita ser consciente en todo momento do traballo realizado.

8.4.2. Contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dixitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ao nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como exercicios de improvisacións melódico-rítmicos que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúan á exploración das capacidades creativas e comunicativas do alumnado.
- Realización de exercicios con enlaces de acordes. Realizaranse coas súas respectivas resolucións harmónicas e nas diversas tonalidades.
- Participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.
- Coñecemento e utilización do cifrado americano.

8.4.3. Avaliación:

Realizarase unha avaliación inicial o diagnóstica ao comezo do curso, co fin de detectar o nivel de coñecementos, habilidades e destrezas que teñen os alumnos a título individual. A información obtida permitiranos adaptar os obxectivos, contidos e as actividades á realidade do alumnado, avanzando así cara a unha maior e máis adecuada consecución, por parte deste, dos obxectivos suscitados.

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

Criterios de avaliación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación cunha base harmónica sinxela, sendo conscientes das leis harmónicas e compositivas básicas: número de compases a utilizar, confirmación da tonalidade, etc.
- Realizar exercicios de enlaces de acordes.
- Realizar exercicios utilizando o cifrado americano como recurso harmónico.
- Interpretar obras a 4 mans de dificultade adecuada ao nivel.
- Participar nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.

Mínimos esixibles:

Para obter unha cualificación positiva no curso, establécense os seguintes requisitos mínimos:

- Interpretar e manter durante o curso 15 pezas como mínimo, correspondendo a 5 por trimestre; 9 corresponderán a estudos fáciles e o resto a obras sinxelas de dificultade adecuada ao nivel.

8.5. Procedementos e ferramentas de avaliación

Os procedementos e instrumentos de avaliación da aprendizaxe do alumnado que se utilizarán na aula serán os seguintes:

Para a realización da avaliación continua o profesorado utilizará un *diario de clase*, que recollerá os aspectos que así considere en función do proceso de aprendizaxe do seu alumnado. O profesorado terá como instrumentos de avaliación os seguintes:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido no diario de clase.
- Audicións de aula ou controis: realizados coa periodicidade que estime o profesorado.
- As actividades que o profesorado estime conveniente.

8.6. Criterios de cualificación:

A avaliación terá unha secuencia de carácter trimestral. Será continua e formativa e terá en conta a evolución da aprendizaxe do alumnado.

Os criterios de avaliación da materia serán fundamentais para a valoración do grao de consecución dos obxectivos.

A *cualificación* do alumnado recollerá a valoración dos seguintes *aspectos*: Asistencia á clase e actitude fronte á materia.

Este apartado valorarase ata un 10%.

Os aspectos desde o punto de vista *técnico*: hábitos posturais, dixitación, velocidade, dinámicas, articulacións, uso dos pedais, calidade do son, etc.

Este apartado valorarase ata un 30%.

Os aspectos desde o punto de vista *musical*: estilo, fraseo, métrica, ornamentación, pedalización, etc.

Este apartado valorarase ata un 30%.

Lectura a vista e aplicación dos principios harmónicos: estes aspectos valorarán a capacidade de lectura dos textos musicais e a súa capacidade de aplicación dos coñecementos adquiridos nas materias de Harmonía e Análise.

Este apartado valorarase ata un 30%.

8.7. Criterios para a concesión de ampliación de matrícula.

É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder.

Estes criterios basearanse nos obxectivos marcados para o curso actual e terán en conta a capacidade do alumno ou alumna que opta á ampliación de acadar os obxectivos do curso seguinte.

8.8. Medidas de recuperación

8.8.1. Procedementos de recuperación ordinarios

Na realización desta proba, o alumnado en cuestión presentará un listado no que figuren todas as obras do seu programa e interpretará integramente o mesmo.

Por outra banda, se o alumno acumula máis de tres ausencias sen xustificar, pódese realizar unha proba específica a criterio de cada profesor.

8.8.2. Probas extraordinarias

O alumnado que non obtivera *avaliación positiva* poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de xuño. Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no Informe de Avaliación Negativa elaborado con anterioridade polo profesorado da materia.

8.9. Recursos didácticos

O profesorado do departamento conta cos seguintes recursos didácticos:

- 6 Aulas dotadas con piano de cola.
- 7 Aulas dotadas con piano vertical.
- Aulas do departamento de Linguaxe Musical dotadas con piano vertical ou *clavinova*.
- 2 cabinas de estudio con Piano Vertical.
- Biblioteca do Centro: conta con material bibliográfico e Audiovisual para o departamento.
- Sala de Audicións, dotada de proxector e equipo de audio.
- Todo o material mobiliario recollido no inventario específico das aulas dos departamentos: banquiños, mesas, atrís, metrónomos, etc...

9. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

De entre outras, é competencia da xefatura de departamento garantir a impartición do currículo das ensinanzas da materia a través do seguimento mensual, cando menos, da programación didáctica. Para tal fin é necesario establecer os protocolos oportunos.

Como *procedementos* para coordinar, valorar e revisar o desenvolvemento e o resultado da programación establécense os seguintes:

O profesorado do departamento entregará trimestralmente as porcentaxes das cualificacións do seu alumnado.

Para a realización do seguimento da programación didáctica o profesorado do departamento reunirse unha vez ao mes. Nesta reunión trataranse aqueles aspectos inherentes ao desenvolvemento da programación que o profesorado considere oportunos, quedando reflectidos na acta ordinaria correspondente.

10. Procedementos para realizar a avaliación interna dodepartamento

A avaliación dos Departamentos Didácticos enténdese como un proceso de reflexión de todos os elementos que configuran o proceso educativo desenvolvido neles, co obxecto de reconstruír a información recollida para chegar a establecer un xuízo de valor sobre a organización e funcionamento dos Departamentos que posibilite a investigación e a toma de decisións de mellora.

A avaliación céntrase nos puntos seguintes:

- a avaliación formativa / procesual do departamento.
- avaliar non é sinónimo de cualificar (aínda que a cualificación sexa parte da avaliación).
- avaliar non é demostrar, senón perfeccionar e orientar.
- avalíase para comprender, reflexionar e, en definitiva, para cambiar e mellorar.

11. ANEXOS

11.1. Probas de acceso 4º de grao profesional

Contidos

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dicitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ó nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ó nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como exercicios de improvisacións melódico-rítmicos que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúen á exploración das capacidades creativas e comunicativas dos alumnos.

Criterios de avaliación e cualificación

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación baseados en estruturas sinxelas, variando a melodía libremente e conservando o seu senso harmónico.
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto no repertorio como no contexto da improvisación.

Listado de obras orientativo:

- Meu primeiro libro de piano. Henry Lemoine.
- Os principios do piano. Czerny.

- 100 recreacións fáciles. Czerny.
- Microkosmos, vol. I. B. Bartók.
- Basic Jazz, nº 1. Manel Camp.
- Álbum da mocidade. Schumann.
- Método de piano, vol. I. Perfecto García Chornet.
- Nikolaiev: libro 1º “a” e 2º “b”.

11.2. Probas de acceso 5º Curso de grao profesional

Contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dicitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ó nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como exercicios de improvisacións melódico-rítmicos que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúen á exploración das capacidades creativas e comunicativas dos alumnos.

Criterios de Cualificación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación baseados en estruturas sinxelas, variando

a melodía libremente e conservando o seu senso harmónico.

- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto no repertorio como no contexto da improvisación.

Listado de obras orientativo:

- piano (primeiro). Tchokow-Gemiu
- Álbum de Ana Magdalena Bach.
- Estudos OP.100 de Burgmüller.
- De Bach a Strawinsky.
- Método de piano, vol. II. Perfecto García Chornet.
- Microkosmos, vol. II. B. Bartók.
- Basic Jazz, nº 1. Manel Camp.
- Álbum da mocidade. Schumann.
- Nikolaiev: libro 1º “a” e 2º “b”.

11.3. Probas de acceso 6º Curso de grao profesional

Contidos:

- Desenvolvemento da percepción interna da propia relaxación, así como os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental.
- Desenvolvemento da habilidade de cada man e da execución coordinada de ambas.
- Práctica da técnica dixital, dirixida a incrementar a independencia, velocidade, resistencia e a capacidade de diversificación dinámica, partindo dos movementos das articulacións dos dedos.
- Principios de dixitación pianística.
- Execución dun número de obras de dificultade adecuada ao nivel.
- Lectura a primeira vista de pezas dunha dificultade adecuada ao nivel.
- Realización de exercicios con esquemas harmónicos sinxelos, así como

exercicios de improvisacións melódico-rítmicas que permitan unha maior comprensión do repertorio do curso e mesmamente contribúan á exploración das capacidades creativas e comunicativas do alumnado.

- Realización de exercicios con enlaces de acordes. Realizaranse coas súas respectivas resolucións harmónicas e nas diversas tonalidades.
- Participación nas actividades organizadas polo departamento ou polo profesorado.
- Coñecemento e utilización do cifrado americano.

Criterios de Cualificación:

- Ler a primeira vista pezas dun nivel de dificultade apropiado.
- Realizar exercicios de improvisación baseados en estruturas sinxelas, variando a melodía libremente e conservando o seu senso harmónico.
- Identificar auditivamente os elementos e procedementos utilizados tanto no repertorio como no contexto da improvisación.

Listado de obras orientativo:

- piano (primeiro). Tchokow-Gemiu
- Álbum de Ana Magdalena Bach.
- Estudos OP.100 de Burgmüller.
- De Bach a Strawinsky.
- Método de piano, vol. II. Perfecto García Chornet.
- Microkosmos, vol. II. B. Bartók.
- Basic Jazz, nº 1. Manel Camp.
- Álbum da mocidade. Schumann.
- Nikolaiev: libro 1º “a” e 2º “b”.

11.4. Adaptación extraordinaria da programación á nova situación COVID19

Debido ás distintas situacións que pode xerar ao longo do curso a Covid19, cada centro dispuxo das medidas precisas para facilitar a continuidade do proceso da aprendizaxe do alumnado fóra do ámbito escolar.

Así, dentro da súa autonomía pedagóxica e de xestión, estableceu un sistema de comunicación e información co alumnado e as familias a través das ferramentas ou plataformas utilizadas habitualmente, atendendo sempre ás instrucións do centro para axeitarse da mellor forma posible ás situacións que se poidan vivir.

Avaliación inicial

O profesorado procederá a establecer unha avaliación inicial ao longo dos primeiros días do curso onde comprobará os obxectivos e contidos non acadados. Este tipo de avaliación permitirá coñecer e valorar a situación de partida do alumnado, para así comezar cunha intervención axustada ás necesidades e posibilidades de cada estudante. Ademais, permitirá valorar o progreso realizado polo alumnado, considerando que para apreciar o avance, é necesario ter en conta o nivel de partida. Esta avaliación contribuirá a dotar ao docente dunha perspectiva real sobre as metodoloxías necesarias a aplicar, para que de o xeito máis eficaz posible, os estudantes aborden os contidos máis esenciais non traballados no último trimestre do pasado curso. Así o profesorado do departamento, poderá realizar unha proba valorativa onde detectará as aprendizaxes non adquiridas empregando e comprobando os informes de avaliación de cada alumno xerados na fin do curso 2020-2021 que será determinante para que a avaliación inicial manteña a máxima rigorosidade e obxectividade posible.

Esta avaliación será realizada de forma individual a cada un dos integrantes do alumnado e cos resultados obtidos procederase a establecer as mellores pautas de traballo para a consecución dos contidos non realizados no curso anterior.

Para unha comprensión das necesidades do alumnado, na avaliación inicial terase en conta o estado emocional do alumnado considerando os acontecementos sociais e sanitarios tan complexos vividos. Por outra banda, os docentes deberán detectar si o alumnado conta cos dispositivos e conexións pertinentes para unha

potencial educación telemática.

Aprendizaxes non adquiridas durante o curso 2020-2021

Aínda que a situación vivida no curso anterior foi diferente á do curso 2019/2020, as semanas de clases non presenciais puideron alterar o grao de consecución dos obxectivos de cada curso. A partir da avaliación inicial, cada docente procederá a unha secuenciación da forma máis eficiente e idónea posible para contribuír a unha axeitada transición entre os posibles contidos non dados e os propios deste curso académico

Os docentes procederán a unha secuenciación da forma máis eficiente e idónea posible para contribuír a unha axeitada transición entre os contidos non dados e os propios deste curso académico. Unha síntese dos contidos esenciais serán establecidos para que a secuenciación sexa realista e axustada, e para que o alumnado poida abordar todos os contidos propostos. A aula virtual terá un protagonismo crucial neste propósito.

Compre entender que os practicamente a totalidade dos contidos da materia de piano complementario están englobados en musicais e técnicos e como no resto das materias instrumentais, non están compartimentalizadas, é dicir, non funcionan como entes independentes secuenciadas por trimestres. Isto responde a que as aprendizaxes nestas disciplinas prodúcense en espiral.

Isto determina que os contidos sobre a materia de piano non se traballan unha soa vez de forma independente e secuenciada, se non todo ao mesmo tempo de forma gradual e repetida, contribuíndo a desenrolar o coñecemento intelectual sobre o repertorio traballado, o desenvolvemento do alumnado da súa autonomía instrumental e unha mellora progresiva da súa habilidade sobre o piano dende unha perspectiva técnica e musical. Esta é a razón pola que o proceso de desenrolo instrumental prodúcese de forma natural e progresiva sempre que haxa unha planificación dun repertorio adecuado.

Debido o anterior, as aprendizaxes non adquiridas, no caso da materia de piano complementario, estará intimamente relacionados cos mínimos esixibles en canto á preparación do repertorio, preparación de exercicios de improvisación, ligazóns de acordes, melodía acompañada, lectura a primeira vista así como exercicios de cifrado

americano. Tanto a nosa programación, como nosa pedagóxica non secuencian en contidos se non no número de pezas que hai que traballar ao longo do curso atendendo ás necesidades do alumno e o nivel requirido en cada curso académico.

Por todo o exposto anteriormente, os informes xerados no curso anterior serán determinantes para que o docente pescude que pezas non foron abordadas no último trimestre para trasladar ese traballo pendente ao longo deste curso académico xunto co repertorio correspondente.

Semipresencialidade e non presencialidade no centro.

Debido a incertidume que está a xerar a COVID no ámbito social e educativo contemplárase o uso dunha situación de semipresencialidade ou non presencialidade segundo o contexto sanitario. Para abranguer este tipo de educación promoveranse o uso de metodoloxías e recursos propios da formación telemática. No caso de formación semipresencial onde se poden contemplar escenarios de confinamentos parciais ou rotacións grupais, utilizaranse as aulas virtuais do centro para o envío de materiais que reforcen as aprendizaxes dos contidos para intentar que alumnado non presencial temporal poida seguir o ritmo da aprendizaxe do resto do grupo.

No caso da non presencialidade, contéplase a utilización da videoconferencia sempre e cando as infraestruturas do centro educativo o permitan, complementándoa coa utilización de recursos dixitais dentro da aula virtual. En ámbolos casos as clases serán realizadas dentro do horario establecido do profesorado.

Tendo en conta o anterior, o departamento traballará coa aula virtual as distintas partes da materia, intentando utilizar a aula virtual dende o inicio do curso de xeito que o alumnado acostumen aos medios dixitais no caso de que a formación semipresencial ou non presencial se impartise ao longo do curso, puidesen seguir o seu curso sen dificultade.

A comunicación coas familias terá unha importancia fundamental cara a detectar posibles problemáticas do alumnado no proceso de aprendizaxe. Utilizaranse as modalidades presenciais ou non presenciais de titorías, e utilizarase tanto a plataforma CentrosNet coma a aula virtual establecida.